

Índice

Breve biografía de Rafael Dieste 1, 2

¿Cales son os principios axentes da acción

que se desenvolve nesta comedia? 3

¿Que elementos aparecen no polémico cadro?

¿E ó final? 3

¿A que é debida a oposición da muller e

da filla? 3

Explica o conflito que xorde na obra 3

Caracterización dos personaxes 3, 4

Resume brevemente esta obra dramática 4

Opinión persoal 4

Os seus contos e mailo seu teatro significan a grande modernización do sistema literario galego. Dieste é autor de obras de narrativa, teatro e ensaio e pertenceu a chamada xeración das vangardas.

A SÚA VIDA E O SEU TEMPO:

- **1899.** Nace en Rianxo o 29 de xaneiro .
- **1910.** Colabora no primeiro número de "El Barbero Municipal"
- **1914.** Ingresna na Escola Normal de Santiago
- **1917.** Viaxa a México. Escribe os seus primeiros relatos que serán logo publicados no Faro de Vigo e Cuentos Nuevos
- **1921.** En Santiago comeza o servizo militar que logo prolongaría dous anos en África.
- **1923.** Fai as primeiras colaboracións en Faro de Vigo.
- **1924.** Xaneiro, primeiras colaboracións no diario Galicia
- **1925.** Abril, deixa a redacción de Galicia
- Decembro, incorpórase á redacción de El pueblo Gallego (Vigo).
- Setembro, deixa a redacción de El Pueblo Gallego e trasládase a Ribeira para dar clases nun colexio privado.
- **1927.** Xaneiro, regresa á redacción de El Pueblo Gallego. Ingresna no Seminario de Estudos Galegos coa lectura de A fiestra valdeira.
- Marzo, publicación de **A fiestra valdeira.**
- **1929.** Publica o conto "Juan de Luz", que marca unha clara transición no mundo narrativo de Rafael Dieste.
- **1931.** En xuño é candidato a Cortes pola "Federación Republicana Gallega".
- **1932.** Comeza a tarefa que influiría decisivamente na súa vida: director e animador nas **Misións Pedagóxicas.**
- Coñece a Carme Muñoz nunha localidade cacereña como misionero.

- 3 de setembro, contrae matrimonio civil con Carmen Muñoz.
- 1935. 15 de decembro, representación en Rianxo de **A fiestra valdeira**, dirixida polo autor.

A GUERRA CIVIL

- 1936. Maio, publicación de "La vieja piel del mundo".
- 1937. Barcelona, dirixe a revista Nova Galiza, por encargo de Castelao.

O EXILIO. PRIMEIRA ETAPA EN BOS AIRES (1939–1948)

- 1939. Febreiro, saída de España co exército do leste.
- 29 de febreiro, saída do campo de concentración.
- 1940. Director literario de Atlántida, no cargo ata 1948.
- 1942. "De cómo vino al mundo Félix Muriel", relato publicado na revista De mar a mar.
- 1944. "Cuentos simples. (En Galicia y en las nubes)", catro títulos publicados na revista Correo literario.
- 1945. "Camino de Santiago", narración publicada na revista Escritura.
- 1946. "Galicia en el recuerdo", discurso lido o Día de Galicia.
- 1948. "Luchas con el desconfiado".

EN EUROPA: LECTOR EN CAMBRIDGE (1949–1952)

- 1949. Xaneiro, viaxe a Europa para elaborar un informe sobre a arte europea para o goberno uruguaio
- 19 de setembro, colaboración no programa galego da BBC en Londres.
- 6 de outubro, comeza as actividades como Lector en Cambridge.
- 1951. 1 de xaneiro, lectura do relato "Un conto de Reis", no programa galego da BBC.
- 1956. Publica **Nuevo tratado del paralelismo e Pequeña clave ortográfica**.
- 25–28 de xullo, participa no Primeiro Congreso da Emigración Galega.
- 1958. Reedítase a obra **A fiestra valdeira**.

A VOLTA DO EXILIO

- 1961. Agosto, retorno definitivo.
- 1962. A editorial Galaxia publica a segunda edición de Dos arquivos do trasno.
- 1970. 18 de abril recepción como membro da Real Academia Galega co discurso titulado A vontade de estilo na fala popular.
- 1971. Edición do Castro publica o discurso de entrada na Academia
- 1975. Publica Testamento geométrico.
- 1979. Sae publicado "Viaje, duelo y perdición: tragedia, humorada y comedia".
- 1981. 15 de outubro, morte de Rafael Dieste.

A súa obra é basicamente narrativa e teatral. Os contos en galego están reunidos en Dos arquivos do trasno, libro de fina composición que traballa xeralmente unha materia proviñente da vida popular. Neste e noutros aspectos recorda a Castelao. Humor, lirismo, ambiente temático, acabado da obra, importancia da conclusión: todo isto é común a ambos rianxeiros. Na súa obra podemos destacar A fiestra valdeira, que coa súa lectura ingresa no Seminario de Estudos Galegos.

O principal axente da acción da obra é o cadro, que arredor del desenrrolase toda a acción da obra. É o que trae os problemas e as discusión entre todo–los personaxes da obra.

Os elementos que aparecen no polémico cadro son: A vista que hai a través da fiestra. É a paisaxe que se ve dende a fiestra da casa de Don Miguel. Se ven os barcos e a xente da vila traballando coas redes, a paisaxe

típica duna vila mariñeira. Ó final, despois de moitas discusión e problemas, volve outra vez a mesma paisaxe ó cadro.

A oposición da muller e da filla débese a que elas pensan que se no cadro se ve a Don Miguel e pola fiestra unha paisaxe mariñeira vese que son pobres, aínda que Don Miguel fora mariñeiro durante moitos anos, e a elas non lles gusta aparentar que son pobres, porque pensan que é malo. A elas gústalles que na vila pensen que son ricos, aínda que non o sexan.

Na obra xorde o mesmo conflito entre diferentes personaxes: xorde un conflito entre a filla e a muller e Don Miguel e logo entre Don Miguel e os mariñeiros, porque se queren leva-lo cadro. A filla e a muller queren que desapareza a fiestra polo que representa para elas, e os mariñeiros queren levalo para que non o cambien porque pensan que así está ben, que non fai falla cambialo para nada, porque ó fin e ó cabo é o que se ve pola fiestra e para eles non é ningunha deshonra, a diferenza da muller e a filla de Don Miguel.

Personaxes:

–Don Miguel: É o protagonista. É un vello mariñeiro, que estivo traballando en Brasil e volveu outra vez á súa vila a vivir. El aínda considérase mariñeiro, aínda que xa non vai á mar. É moi comprobante coa súa filla e a quere moito.

–Doña Balbina: É a muller de Don Miguel. É a típica muller dun mariñeiro, leva a casa e coida á familia.

–Adelaida: É a filla de Don Miguel e Doña Balbina. É unha rapaza xove e aínda sen casar. Educouse nun colexio de monxas. Ten un medio noivo chamado Mariñas.

–Señor Baldomero: É amigo da infancia de Don Miguel, foron xuntos á escola. Tamén é mariñeiro.

–Nogueira: É un estudante, que lle da moitas voltas ás cousas, como, por exemplo, ó do can do urco.

–Antonio: É o pintor do polémico cadro. Adelaida pensa que é un mal emboutador de lenzos que cobra ós incautos por iso (neste caso o seu pai). Oponse en todo momento ó troco do cadro, pensa que quedaría moi mal.

–Matapitos: É un cativo que lle fai os recados a Don Miguel. Tivo un pequeno problema con Don Miguel cando Caramañolas non quise aceptar o traxe que Don Miguel lle agasallaba e tivo que quedar el co traxe e, ó final, non quedou co traxe.

–Caramañolas: É un dos mariñeiros que van a casa de Don Miguel a colle-lo cadro.

–O Garreante: Outro dos mariñeiros que va a casa de Don Miguel a colle-lo cadro.

–Dourado: Outro dos mariñeiros que va a casa de Don Miguel a colle-lo cadro.

Esta historia transcurre nunha pequena vila mariñeira. Entre ámbalas dúas grandes guerras do s. XX. Don Miguel é un vello mariñeiro, que estivo de emigrante en América e logo volveu para a súa vila. Vive coa súa muller e a súa filla. Aparece o problema cando un pintor chamado Antonio retrátalo e debuxa unha fiestra na que se ve o exterior, que é unha paisaxe mariñeira. A Don Miguel gústalle moito, pero á filla e á muller non tanto, posto que cren que isto representa a súa pobreza. Entón propoñen sacar ese trozo do cadro (a fiestra), e despois de ofrecerlle mil duros e el non aceptalos, os marineros adiántanse e o sacan eles, un día que van á casa de Don Miguel. O cadro estivo gardado durante un tempo no desván (sen o trozo da fiestra), pero logo os mariñeiros, despois dalgún tempo, lle deixaron a Don Miguel que tivera o cadro na súa casa, e o volveron poñer, esta vez co consentimento da muller e da filla. O pintor ofrécese voluntario para volver poñer-la fiestra

e rematalo de todo. Ó final arránxase todo nunha cea na casa de Don Miguel, e acordan que o cadro é de todos.

Opinión persoal:

O libro gustoume moito. É xunto coa obra Os vellos non deben namorarse ,os mellores libros de teatro en galego e en castelán que lin. Reflicte moi ben a vida das pequenas vilas mariñeiras en Galicia. O problema que se plantexa co cadro podería pasar na vida real, non só no libro. É unha obra que describe a realidade tal é como e as preocupacións de ¿que pensarán? e as que parecen as solucións máis axeitadas. Tamén gustoume moito como Dieste caracteriza ós personaxes, co típico humor galego e as ironías que lles pon ós persoaxes, que realmente son boísimas, e no libro isto apreñciáse moi ben. É unha obra magnífica, con razón que fora tan ben aceptada pola xente e fose moi ben recoñecida pola crítica.